

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISION INFORMATIVA DE IGUALDADE, POLÍTICAS SOCIAIS, FAMILIA E RETO DEMOGRÁFICO CELEBRADA O DIA 19 DE XULLO DE 2024

PRESIDENTA:

Dona María Sandra Bastos Míguez

VOGAIS:

Dona María Nava Castro Domínguez

Dona Luisa María Sánchez Méndez

Don Rafael Domínguez Artime

Don Jorge Cubela López

Dona Belén Cachafeiro Anta

Dona María Pilar Ramallo Vázquez

Don Manuel Alejandro Lorenzo Alonso

Don Jesús Vázquez Almuiña

Don Paco Ferreira González en
substitución de **Dona Ana Laura Iglesias
González**

Don Carlos Gómez Prado

Dona Digna Rosa Rivas Gómez

Don Gregorio Luis Agís Gómez en
substitución de **Don Gorka Gómez Díaz**

Dona Nuria Rodríguez Rodríguez

Don Javier Iglesias Mougán

Dona María Manuela Rodríguez Pumar

Dona María Ortega Iñarrea

En Pontevedra, sendo as doce horas e trinta minutos do día 19 de xullo de 2024, reúnense na Sala de Xuntas da Deputación de Pontevedra, baixo a Presidencia de Dona María Sandra Bastos Míguez, as señoras e señores deputados que ó marxe se sinalan, membros da Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico

Actúa como Secretaria, Dona Ana Isabel Amoedo Garrido, adxunta xefatura do Servizo de Igualdade.

Aberta a Sesión pola Presidencia, adoptáronse os seguintes acordos:

1. **APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 21 DE XUÑO DE 2024** (Expediente 2024043808)

A comisión acorda prestar aprobación, por unanimidade, a acta da sesión ordinaria celebrada o día 21 de xuño de 2024.

2. **DAR CONTA DA POSTA EN MARCHA DO PROGRAMA DE PRÉSTAMO DE PUNTOS VIOLETA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA** (Expediente 2024046443)

A Secretaria da Comisión elabora informe para dar conta ás persoas asistentes á Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico da posta en marcha do Programa de Préstamo de Puntos Violeta da Deputación de Pontevedra, cuxo contido literal é o seguinte:



"A Deputación de Pontevedra, dentro do seu ámbito de actuación, ten entre os seus obxectivos a proposta e a execución das políticas de fomento da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e erradicación da violencia de xénero.

A violencia de xénero constitúe unha das mais graves vulneracións dos dereitos fundamentais das mulleres, en particular do seu dereito á vida, á liberdade, á dignidade e á seguridade. A violencia sexual é unha das manifestacións da desigualdade de xénero que segue existindo entre mulleres e homes, é unha expresión da violencia exercida sobre as mulleres. Este tipo de violencia de xénero é unha das mais comúns entre a mocidade, en especial a violencia sexual cometida mediante submisión química.

A Deputación de Pontevedra ten activa unha campaña informativa destinada á prevención, sensibilización, visibilización e actuación contra as agresións sexuais nas citas musicais do verán Rías Baixas Fest.

Co obxectivo de ampliar o ámbito da campaña, a Deputación de Pontevedra pon en marcha un programa de préstamo de materiais de difusión destinado á prevención, sensibilización, visibilización e actuación contra as agresións sexuais categorizadas como violacións en cita e das agresións sexuais por submisión química que se distribuirán en ámbitos lúdico-festivos.

Deste xeito, a través deste programa a Deputación de Pontevedra pon a disposición dos concellos e entidades da provincia, un Programa de préstamo de puntos violeta (posto ou carpa e material que conforma a campaña como guías informativas, gorros e pulseiras).

Tendo en conta o público obxectivo da campaña, entendemos que a contorna das festas locais, festivais ou encontros dirixidos á mocidade son espazos idóneos para poñer en marcha esta iniciativa, dado que no contexto lúdico e festivo no que se desenvolven é onde se dan as circunstancias perfectas para enmascarar as agresións sexuais a mozas, coas escusas de seren contornos festivos nos que parece que "todo se permite"; o consumo de alcohol e outras circunstancias fan que a violencia sexual nestes contextos sexa a violencia que menos se denuncie, por ser a máis cuestionada e a máis difícil de demostrar.

Cos lemas "Compracer nunca. Con pracer sempre" e "Non a lés. Alíate!" faise un chamamento ao dereito das mulleres a decidir e á responsabilidade dos homes a respectar, ao tempo que se visibiliza unha forma de violencia pouco atendida e moi normalizada como son as violacións en cita e as agresións por submisión química, dúas formas de agresión que obstaculizan o recoñecemento do delito e a súa posterior denuncia.

A distribución do material, acordarase co Servizo de Igualdade en función da previsión de afluencia de público ao evento.

Condicións do préstamo

A Deputación de Pontevedra facilitaralles aos concellos o material incluído no programa en condicións idóneas para o seu uso e, no momento da súa retirada, prestaráselles asesoramento para utilizáreno.

O servizo de préstamo é de carácter gratuíto; non obstante, as entidades solicitantes faranse cargo dos gastos derivados do transporte e do persoal necesario para a recollida, a instalación, a retirada e o retorno do material.

As entidades locais asumen os seguintes compromisos:

- Devolver a carpa prestada no mesmo estado en que se lles entregou, sempre dentro do prazo previsto no momento da reserva.*
- Asumir, en todo caso, os gastos de reparación cando se produza unha deterioración grave desta.*
- Responsabilizarse da instalación do material e dos danos sobre terceiras persoas que esta poida*



ocasionar.

O material solicitarase a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>. Tramitaranse as solicitudes por orde de entrada no Rexistro electrónico da Deputación de Pontevedra”.

A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico queda enterada do contido de dito informe.

3. ROGOS E PREGUNTAS.

Non se levan a cabo intervencións neste apartado.

E non habendo máis asuntos, a presidenta levanta a sesión, sendo ás doce horas e trinta e cinco minutos, do que eu, como secretaria, dou fe.

Asinada dixitalmente na data que figura na marxe.

